



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AUGAS DE GALICIA. SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

María Luísa Corbelle Trasancos solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.67310.

As obras solicitadas consisten na alteración de volume e elevación da cuberta na vivenda situada nas fincas de referencias catastrais 000900400PJ13C e 000900300PJ13C, na zona de policía do rego de Cova, a uns 70 metros da canle; no lugar da Carrapota, na parroquia de Magazos, no concello de Viveiro (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Viveiro ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 26 de setembro de 2019.- A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R. 2908

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA, DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Resolución do 23 de setembro de 2019 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de O Vicedo. (expediente IN407A 2019-21AT)

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Solicitante: Barras Eléctricas Galaico-Asturianas S.A.
- Domicilio Social: Polígono empresarial As Gándaras- parcela U2-rúa Aller Ulloa, Ramón María, n.º 9, 27003 Lugo.
- Denominación: "TELECONTROL NUEVO CS AS CEDEIRAS"
- Situación: concello de O Vicedo
- Características técnicas:

Liña soterrada de media tensión a 20kV Centrais dende SE Magazos con orixe nunha conversión ubicada no apoio A27791 e final nunha cela de liña no CS As Cedeiras proxectado, cunha lonxitude de 20 metros en condutor tipo RHZ1-150.

Liña soterrada de media tensión a 20kV Centrais dirección CT 8807 Escanavada con orixe nunha cela de liña ubicada no CS As Cedeiras proxectado e final nunha conversión ubicada no apoio A27791, cunha lonxitude de 20 metros en condutor tipo RHZ1-150.

Liña soterrada de media tensión a 20kV Centrais dirección CT 10092 Freixeiro con orixe nunha cela de liña ubicada no CS As Cedeiras e final nunha conversión ubicada no apoio A27791, cunha lonxitude de 20 metros en condutor tipo RHZ1-150.

Liña soterrada de media tensión a 20kV Centrais dirección CT 2381 Cabanas e outras con orixe nunha cela de liña ubicada no CS As Cedeiras e final nunha conversión ubicada no apoio A27791, cunha lonxitude de 20 metros en condutor tipo RHZ1-150.

Centro de seccionamento prefabricado Toxoso, no cal se instalan tres celas de liña, unha de protección con fusible e unha de servizos auxiliares con telemando integrado.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 24/2013, do 26 de decembro, (BOE núm. 310) do sector eléctrico e no título VII, capítulo II do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, no Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproba o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias e na Resolución de 19 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción (D.O.G. núm. 54 de 19 de marzo), así como na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan dos Decretos 135/2017 do 28 de decembro, polo que se crea e establece a estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve**:

Conceder a autorización administrativa previa e de construción a ditas instalacións, cuxas características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran no seu proxecto e as condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licencias ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Emprego e Industria no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Lugo, 23 de setembro de 2019.- A Xefa Territorial, Pilar Fernández López.

R. 2916

Anuncio

Resolución do 23 de setembro de 2019 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Vilalba. (expediente IN407A 2019-33AT)

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Solicitante: Barras Eléctricas Galaico-Asturianas S.A.
- Domicilio Social: Polígono empresarial As Gándaras- parcela U2-rúa Aller Ulloa, Ramón María, n.º 9, 27003 Lugo.
- Denominación: "LÍNEA SUBTERRANEA DE MEDIA TENSIÓN 61998 QUESERIAS ENTREPINARES, POL. IND. SETE PONTES (2ª FASE) OBRA ELÉCTRICA"
- Situación: concello de Vilalba
- Características técnicas:

Liña soterrada de media tensión a 20kV con orixe nunha cela do CT existente Polígono V 10409 e final nunha cela do CT Proxectado Polígono Entrepinares (Expte:2019-16AT) e outra liña con orixe no CS proxectado (Expte:2019-16AT) e final nunha cela do CT existente Polígono VI 9046, cunha lonxitude de 960 metros en condutor tipo RHZ1-240.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 24/2013, do 26 de decembro, (BOE núm. 310) do sector eléctrico e no título VII, capítulo II do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, no Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproba o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias e na Resolución de 19 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción (D.O.G. núm. 54 de 19 de marzo), así como na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan dos Decretos 135/2017 do 28 de decembro, polo que se crea

e establece a estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve**:

Conceder a autorización administrativa previa e de construción a ditas instalacións, cuxas características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran no seu proxecto e as condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licencias ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Emprego e Industria no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Lugo, 23 de setembro de 2019.- A Xefa Territorial, Pilar Fernández López.

R. 2917

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SECCIÓN DE ACTAS

Anuncio

Aprobada inicialmente polo Pleno desta Corporación en sesión ordinaria celebrada o día vinte e catro de setembro de dous mil dezanove, a modificación do Regulamento de Organización e Funcionamento da Asesoría Xurídica da Deputación Provincial de Lugo, durante o prazo de trinta días, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente, e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunos, de conformidade co sinalado no art. 49 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Lugo, vinte e seis de setembro de dous mil dezanove.- **O PRESIDENTE**, José Tomé Roca. **A SECRETARIA**, María Esther Álvarez Martínez.

R. 2918

CONCELLOS

BARALLA

Anuncio

Aprobado polo Pleno desta Corporación, en sesión de 26 de setembro de 2019 o expediente de modificación de créditos número 15/2019, dentro do vixente presuposto municipal, por importe de 21.707,64 euros, e dando cumprimento ao establecido nos artigos 169 e 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, Real Decreto Lexislativo 2/2004, exponse ao público, polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que empezará a contar desde o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as cales deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde – Presidente deste Concello.

Baralla, 27 de setembro de 2019.- O Alcalde, Miguel González Piñeiro.

R. 2919

CERVO

Anuncio

BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O TRANSPORTE ESCOLAR DE ALUMNAS/OS DO CONCELLO DE CERVO QUE CURSAN ESTUDOS FORA DO TERMO MUNICIPAL

1. OBJECTO E FINALIDADE DAS AXUDAS

O obxecto desta convocatoria é facer efectivo o principio de igualdade no exercicio do dereito á educación e o seu fin é compensar a aquelas familias que polas súas condicións socioeconómicas teñan máis dificultades para afrontar os gastos de desprazamento dos/as estudantes fora do termo municipal.

Polo tanto, o obxecto destas bases é a concesión de axudas a familias para sufragar parcialmente o custe do traslado dos/as estudantes que cursen, fora do termo municipal e en centros de ensinanza sostidos con fondos públicos, algún dos estudos que non se imparten no Concello de Cervo:

-Ensinanzas universitarias adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior conducentes a títulos oficiais de Grao e ensinanza universitarias conducentes a títulos de Licenciados ou Diplomados.

-Ciclos medio e superior de Formación Profesional e bacharelato que non se impartan no termo municipal.

-Estudios musicais impartidos en conservatorios e escolas de música

Quedan excluídas desta convocatoria de axudas, as ensinanza de réxime especial (ensinanza de idiomas, artísticas ou deportivas), coa excepción dos estudos musicais indicados anteriormente.

No caso de que unha alumna/o curse máis de unha ensinanza das enumeradas, só se concederá unha axuda por persoa

2. **BENEFICIARIAS/OS**

As axudas poderán ser solicitadas polas familias das/os alumnas/os (ou as/os propias/os alumnas/os se son maiores de idade) que reúnan os seguintes requisitos:

- Toda a unidade familiar deberá estar empadroada no Concello de Cervo .
- Estar cursando ou ter fillas/os cursando algún dos estudos indicados no punto 1 de estas bases nalgún centro educativo sostido con fondos públicos, no curso 2018-2019 e terse presentando alomenos ao 50% das materias correspondentes á matrícula do citado curso.
- Non superar os ingresos económicos fixados no baremo destas bases (expresado no punto 3º referente aos criterios de valoración).
- Non ser, ningún membro da unidade familiar, debedor/a da Facenda Municipal, Autonómica e Estatal, así como da Seguridade Social.
- Non ter pendente de xustificación ningunha subvención concedida polo Concello de Cervo.
- O alumno para o que se solicita a axuda deberá ser menor de 30 anos.
- Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

As/os beneficiarias/os terán as seguintes obrigas ante o Concello de Cervo:

- Cumprir a actividade obxecto da subvención, é dicir, realizar o gasto en transporte escolar para os cursos nos que se acredite a matrícula.
- Someterse ás actividades de control realizadas por parte do Concello para comprobar a veracidade dos actos consignados na documentación presentada, así como o cumprimento dos requisitos para a percepción da axuda e colaborar co Concello en ditas actuacións.
- Comunicar ó Concello calquera modificación nas circunstancias esixidas para a concesión da axuda.

3. **CRITERIOS DE VALORACIÓN**

Para proceder á adxudicación das axudas aplicarase o seguinte baremo:

- Renda per cápita familiar igual ou inferior ao 150 % do IPREM (Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples): subvencionarase con 250€ para cada alumno/a beneficiario/a.
- Renda per cápita familiar igual ou inferior ao 200 % do IPREM (Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples): subvencionarase con 150€ para cada alumno/a beneficiario/a.

A contía anual do IPREM para o ano 2019 é de 6.454,03 € segundo según la Ley 6/2018, de 03 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018 en situación de prórroga para o ano 2019, relativa a la fixación del IPREM.

No suposto de que unha vez efectuada a avaliación das solicitudes se supere o límite máximo da subvención (12.000€), procederase a retirar aquelas solicitudes cuxas rendas sexan máis elevadas, ata o límite do crédito máximo establecido.

a. RENDA PER CÁPITA FAMILIAR E DETERMINACIÓN DA UNIDADE FAMILIAR

Enténdese por renda per cápita familiar a suma das rendas familiares dividida entre o número de membros da unidade familiar computables que obteñan ingresos de calquera natureza.

Para efectos do cálculo da renda per cápita, son membros computables o pai, a nai, titor ou persoa encargada da garda e protección do/a menor, se é o caso, a persoa solicitante, as/os irmáns solteiros menores de 25 anos, que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro de 2018, ou as/os maiores desta idade, cando se trate de persoas

con discapacidade física, psíquica ou sensorial. No caso de que algún dos proxenitores ou titores do/a menor non conviva no domicilio familiar deberá ser xustificado documentalmente mediante sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do menor.

No caso de divorcio, separación legal ou de feito dos pais, non se considerará membro computable aquel deles que non conviva coa persoa solicitante, sen prexuízo de que na renda familiar se inclúa a súa contribución económica.

Terá a consideración de membro computable, se é o caso, o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación cuxas rendas e patrimonio se incluírán dentro do cómputo da renda e patrimonio familiar.

Para os efectos do cálculo da renda per cápita, computarán por dous os membros da unidade familiar cunha discapacidade igual ou superior ó 33% ou os que estean valorados como dependentes en calquera dos graos establecidos segundo a Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da autonomía persoal e atención a persoas en situación de dependencia.

Nesta convocatoria terase en conta os ingresos do exercicio 2018 para os efectos de determinar a renda per cápita familiar dos solicitantes.

A renda familiar obterase por agregación das rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.

4. CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA DAS AXUDAS

A aplicación orzamentaria á que se imputarán estas axudas é a 320/489.01 “Otras transferencias educación (transporte), cun crédito máximo para esta convocatoria de 12.000 €.

A contía das axudas para transporte escolar quedarán fixadas de acordo co seguinte baremo:

Renda per cápita familiar		Contía da axuda
Igual ou inferior ao 150 % do IPREM	Ata 9.681,05 € anuais	250 €
Igual ou inferior ao 200 % do IPREM	Ata 12.908,06 € anuais	150 €

5. SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN NECESARIA

As solicitudes formularanse mediante instancia subscrita pola persoa interesada (pai/nai/titor legal ou alumna/o maior de idade) segundo o modelo oficial. A presentación de dita solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para a comprobación dos datos que constan na mesma ante os organismos ou entidades correspondentes.

Cada solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- 1) Fotocopia do DNI de todos os membros da unidade familiar maiores de idade.
- 2) Fotocopia do libro de familia.
- 3) Autorización, de todos os membros computables da unidade familiar, para obter das distintas administracións públicas competentes a información necesaria para a tramitación do expediente.
- 4) Copia cotexada do boletín de cualificacións ou certificación expedida polo centro educativo de terse presentado alomenos ó 50% das materias correspondentes á matrícula no curso 2018-2019.
- 5) Nos casos de discapacidade ou dependencia dalgún dos membros da unidade familiar computables, certificado emitido polo organismo oficial correspondente.

6. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes e a documentación requirida presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Cervo, Praza do Concello s/n, Cervo ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días dende a publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

7. PUBLICIDADE

Esta convocatoria de axudas publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na Base de Datos Nacional de Subvencións, no taboleiro de anuncios do Concello de Cervo, na páxina web do Concello de Cervo (www.concellodecervo.com).

8. PROCEDEMENTO

a. INSTRUCCIÓN E ÓRGANO INSTRUCTOR

O órgano competente para a instrución do procedemento, así como para a realización de cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que se base a proposta de resolución, será a concelleira delegada de Educación. O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da Comisión Avaliadora formulará a proposta de resolución provisional, na que expresará o cumprimento dos requisitos e a relación nominal dos/as solicitantes para a concesión das axudas.

Si na instrución fosen tidos en conta outros feitos ou datos distintos dos achegados polos/as interesados/as, notificaráselle a estes a proposta de resolución, concedéndolles un prazo de dez días para que presenten as alegacións que estimen pertinentes. Á vista das alegacións presentadas, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución definitiva.

De non presentarse alegacións, ou no caso de que este trámite non fose necesario con arranxo ó parágrafo anterior, a proposta de resolución provisional terá automaticamente o carácter de proposta de resolución definitiva.

b. COMISIÓN AVALIADORA

A Comisión Avaliadora estará composta pola concelleira delegada de Educación, Facenda, Cultura e Patrimonio, o concelleiro delegado de Deporte, Turismo, Formación e Emprego, e a concelleira delegada de Medio Ambiente, Obras e Infraestruturas, Sanidade e Policía Local. A Comisión Avaliadora elevará a proposta de concesión ao alcalde a través do órgano instrutor na que se concretará individualmente para cada beneficiario/a o resultado da avaliación realizada

c. RESOLUCIÓN

O órgano competente para a concesión das axudas será o alcalde, previo informe da Intervención municipal.

O acordo de concesión ou denegación será motivado, quedando constancia no expediente dos fundamentos da resolución que se adopte. As axudas concedidas notificaranse individualmente no prazo máximo de tres meses e en todo caso antes do 31 de decembro de 2019, a contar dende a finalización do prazo de presentación de solicitudes, e publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello.

A modificación de calquera das circunstancias que se tiveran en conta para a concesión das mesmas, que deberá ser posta en coñecemento do Concello, poderá dar lugar á modificación da resolución.

9. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

A xustificación destas axudas entenderase realizada coa presentación do boletín de notas ou do certificado do centro educativo de terse presentado alomenos o 50% das materias correspondentes á matrícula no curso 2018-2019, esixido coa documentación da que debe ir acompañada cada solicitude segundo o punto 5 desta convocatoria, polo que a aprobación da concesión das axudas levará implícita a aprobación da súa xustificación.

O aboamento da subvención realizarase, preferentemente, mediante cheque bancario emitido a nome da persoa solicitante.

Cervo, 26 de setembro de 2019. O Alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 2920

GUITIRIZ

Anuncio

Convocatoria para a selección de persoal funcionario interino para o posto de traballo de encargado de obras e servizos. Expte. 782/2019.

Por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Guitiriz de data 25/09/2019 aprobáronse as bases reguladoras do proceso selectivo para a selección, mediante o sistema de concurso-oposición, de persoal funcionario interino para o posto de traballo de encargado de obras e servizos.

O prazo de presentación de instancias será de 10 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases desta convocatoria estarán a disposición dos interesados na páxina web municipal (www.concellodeguitiriz.com) e na sede electrónica municipal (<http://guitiriz.sedelectronica.gal>).

Guitiriz, 27 de setembro de 2019.- A alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 2921

LÁNCARA

Anuncio

De conformidade co decreto de 16 de setembro de 2019 faise pública a convocatoria para a selección de persoal laboral temporal, no marco do Plan Único Provincial de Cooperación cos Concellos para a execución de obras, servizos e creación de emprego “Programa Fomento do Emprego”:

- 2 Oficial 1ª albanel (6 meses)
- 2 Peóns de servizos múltiples (5 meses)
- 1 Oficial Palista (6 meses)
- 1 Oficial Tractorista (6 meses)

A convocatoria e as bases aprobadas poden consultarse na sede electrónica <http://lancara.sedelectronica.gal> e na páxina web da Deputación Provincial de Lugo.

O prazo de presentación de solicitudes será de dez días naturais contados a partir do seguinte á data de publicación no BOP de Lugo.

Láncara, 16 de setembro de 2019.-A segunda tenente alcalde, pd (decreto 10/09/2019), Begoña López Magdalena.

R. 2922

LUGO

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DE CONTROL INTERNO DO SECTOR PÚBLICO DO CONCELLO DE LUGO

O pleno do Excmo. Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o 26 de setembro de 2019, adoptou o acordo nº 5/109 polo que se acordou a aprobación inicial do Regulamento de control interno do sector público do Concello de Lugo.

De conformidade co sinalado no artigo 49 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local e art. 83 da lei 39/2015, reguladora do procedemento administrativo común, o mesmo sométese a Información pública e audiencia aos interesados polo prazo de trinta días, a contar dende o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia para que os interesados poidan examinar o expediente e pesetar as alegacións que estimen oportunas. O expediente atópase a disposición nas dependencias municipais sita no Servizo de Intervención, Praza Maior, 1.

Lugo, 27 de setembro de 2019. A Alcaldesa. Lara Méndez López.

R. 2923

MURAS

Anuncio

DON MANUEL REQUEIJO ARNEJO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MURAS (LUGO)

Visto o informe da Traballadora Social do Concello, no que detalla a relación de persoas usuarias do servizo do Punto de Atención á Infancia do Concello de Muras, e os correspondentes prezos mensuais que deberán aboar segundo a xornada solicitada e o servizo de administración de comidas no mes de Xuño de 2019.

Considerando o disposto no Regulamento de organización e funcionamento do Punto de Atención á Infancia do Concello de Muras e a súa Ordenanza reguladora do prezo público (BOP 10/04/2018).

Elaborado o padrón mensual que contén as liquidacións da taxa pola prestación do Servizo de Atención á Infancia do Concello de Muras no mes de Xuño de 2019, en base aos datos facilitados pola Traballadora Social do concello.

Tendo en conta o establecido no artigo 21.1. f) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, que atribúe a esta Alcaldía o desenvolvemento da xestión económica de acordo co orzamento aprobado.

RESOLVO:

PRIMEIRO- Aprobar o padrón mensual da taxa pola prestación do Servizo do Punto de Atención á Infancia do Concello de Muras correspondente ao mes de Xuño de 2019. O padrón correspondente ao mes de Xuño consta de 6 contribuíntes e un importe total de 372,17 €.

SEGUNDO- Expoñer ao público os padróns aprobados, mediante a publicación de edicto no BOP e no taboleiro de anuncios do concello, por un período de 15 días dende a publicación. Esta exposición servirá como notificación colectiva a todos os contribuíntes nos termos do artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

TERCEIRO- O prazo de cobro en período voluntario será de 2 meses dende a publicación do edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a exixir os xuros de mora e os recargos dacordo cos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003.

CUARTO- Contra as liquidacións incorporadas aos padróns, os interesados poderán interpor recurso preceptivo de reposición ante o Sr. Alcalde, como establece o artigo 108 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local e regulado no artigo 14.2 do R.D. lexislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais, no prazo dun mes dende o día seguinte á publicación do edicto no B.O.P. Contra a desestimación do recurso poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo competente, no prazo de 2 meses dende o día seguinte á notificación da resolución.

QUINTO- Déase conta do presente Decreto aos servizos de Tesourería Municipal e Intervención Municipal.

SEXTO-Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Muras, 23 de xullo de 2019.- O Alcalde Don Manuel Requeijo Arnejo , do que eu, D^a Silvia Lamelas Soto, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos do artigo 3 do RD 128/2018 do 16 de Marzo).

R. 2924

SARRIA

Anuncio

Aos efectos do disposto no artigo 212.3 do Real Decreto-Legislativo 2/2004, Texto Refundido da Lei 39/1988, reguladora das Facendas Locais, ponse en coñecemento xeral que na oficina de Intervención desta Entidade atópase exposta ao público a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2018 co informe da Comisión Especial de Contas por prazo de quince días, durante os cales e oito máis os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións que examinados pola Comisión Especial de Contas e practicadas pola devandita cantas comprobacións estime necesarias, emitirá novo informe e someterase ao Pleno da Corporación para a súa aprobación, sen prexuízo do seu sometemento á fiscalización externa do Consello de Contas e do Tribunal de Cuentas.

Sarria, 27 de setembro de 2019.- O ALCALDE, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 2925

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) - CERVO

Anuncio

Extracto del decreto de alcaldía por el que se aprueban las bases reguladoras para la convocatoria de ayudas para el transporte escolar de alumnas/os del Ayuntamiento de Cervo que cursan estudios fuera del término municipal para el curso 2018/2019, por el procedimiento de concurrencia competitiva.

BDNS (Identif.): 474997

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, del 17 de noviembre, general de subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones.

Primero. Ojeto.

El objeto de estas bases es la concesión de ayudas a familias para sufragar parcialmente el coste del traslado de los/las estudiantes que cursen, fuera del término municipal y en centros de enseñanza sostenidos con fondos públicos, alguno de los estudios que no se imparten en el Concello de Cervo.

Segundo. Beneficiarios.

Las ayudas podrán ser solicitadas por las familias de las/los alumnas/los (o las/los propias/los alumnas/los si son mayores de edad) que reúnan los siguientes requisitos:

a. Toda la unidad familiar deberá estar empadronada en el Concello de Cervo.

- b. Estar cursando o tener hijas/os cursando alguno de los estudios indicados en el punto 1 de estas bases en algún centro educativo sostenido con fondos públicos, en el curso 2018-2019 y haberse presentado al menos al 50% de las materias correspondientes a la matrícula del citado curso.
- c. No superar los ingresos económicos fijados en el baremo de estas bases (expresado en el punto 3º referente a los criterios de valoración).
- d. No ser, ningún miembro de la unidad familiar, deudor/a de la Hacienda Municipal, Autonómica y/o Estatal, así como de la Seguridad Social.
- e. No tener pendiente de justificación ninguna subvención concedida por el Concello de Cervo.
- f. El alumno para el cual se solicita la ayuda deberá ser menor de 30 años.
- g. No estar incurso en las prohibiciones para obtener la condición de beneficiario, recogidas en el artículo 10 de la Ley 9/2007, de 13 de junio de subvenciones de Galicia y en el artículo 13 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones.

Tercero. Cuantía de la ayuda.

La aplicación presupuestaria a la que se imputarán estas ayudas es la 320/489.01 "Otras transferencias educación (transporte)", con un crédito máximo para esta convocatoria de 12.000,00€.

La cuantía de las ayudas para transporte escolar quedará fijada de acuerdo con el siguiente baremo:

Renta per cápita familiar		Cuantía de la ayuda
Igual o inferior al 150% del IPREM	Hasta 9.681,05€	250€
Igual o inferior al 200% del IPREM	Hasta 12.908,06€	150€

Cuarto. Plazo de presentación de solicitudes.

Las solicitudes y la documentación requerida se presentarán en el Registro General del Concello de Cervo, Plaza del Ayuntamiento s/n, Cervo o por cualquiera de las formas previstas en el artículo 16.4 de la Ley 39/2015 de 01 de octubre del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

El plazo para la presentación de solicitudes será de 20 días desde la publicación del extracto de la convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia.

Cervo, 26 de septiembre de 2019.- El Alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 2926